

A HISTORIA DOS BOLIÑOS DE PASAS



Unha vez o pai díxolle ao neno: “ Fai o favor de ir correndo á oficina de correos e mércame trinta selos”. E a nai dixo:” Ao volveres merca tres boliños de pasas na panadaría”. O neno marchou cos cartos na man. A oficina de correos non estaba moi lonxe. Mais os outros nenos estaban xogando na rúa, así que entretívose un pouco a xogar con eles. Despois foi correndo á oficina de correos. Comprou tres selos e logo colleu trinta boliños de pasas na panadaría, dúas bolsas ateigadas; o neno case non as daba levado. O pai riu e exclamou: “Agora teño que poñer boliños de pasas nas miñas cartas!”. A nai tamén riu, despois fixo café e estiveron comendo boliños de pasas ata que lles empezou a doer o estómago.

1. Corrixe as afirmacións incorrectas.

O pai mandou o neno á tenda a mercar corenta selos.

A nai díxolle que ao volver mercase dous boliños de pan na panadaría.

O neno tardou en chegar á oficina de correos porque estaba moi lonxe.

Comprou os selos e os boliños tal e como lle dixeran os seus pais.

2. Resume o conto en tres oracións.

3. **Escribe un título para o conto.**

4. **Busca un diálogo que atopes no conto e escríbeo aquí.**

Agora, imaxina que o pai se enfada moito co seu fillo por entreterse e non facer ben os recados. **Escribe o diálogo que manteñen.**

5. **Busca no conto inicial dúas palabras con ditongo e dúas con hiato.**

DITONGO

HIATO

6. **Busca no texto.**

Unha parella de **sinónimos** que signifique o contrario de **VENDER**.

Un **antónimo** de:

volver -

rematou -

cerca -

chorou -

7. **Rodea o verbo das seguintes oracións e subliña SUXEITO e PREDICADO.**

O neno marchou cos cartos na man.

Os outros nenos estaban xogando na rúa.

2

A sílaba e a palabra

LEMBRA

Unha **sílaba** é un grupo de sons que se pronuncian xuntos nun só golpe de voz.

Un **ditongo** é a unión de dúas vogais na mesma sílaba. Un **hiato** é a presenza de dúas vogais seguidas que pertencen a sílabas distintas.

A **palabra** é unha unidade formada por un conxunto de sons ordenados que transmiten unha idea.

Segundo o número de sílabas, as palabras poden ser **monosílabas** (unha sílaba), **bisílabas** (dúas sílabas), **trisílabas** (tres sílabas) e **polisílabas** (máis de tres).

1 Ordena estas palabras de maior a menor número de sílabas.

estrelamar

extraterrestre

pomba

debuxo

difícilísimo

2 Escribe, con cada ditongo, dúas palabras que o conteñan.

• ci ▶ _____

• ia ▶ _____

• ei ▶ _____

• ie ▶ _____

• oi ▶ _____

• io ▶ _____

3 Separa en sílabas as seguintes palabras.

• paisaxe ▶ _____

• astronauta ▶ _____

• febreiro ▶ _____

• area ▶ _____

• faraón ▶ _____

• dourado ▶ _____

• freada ▶ _____

• pasaxeiro ▶ _____

• coello ▶ _____

• ruído ▶ _____

4 Arrodea nas palabras anteriores os hiatos que atopaches.

2

Os sinónimos

LEMBRA

Dúas palabras son sinónimas cando teñen o mesmo significado ou un moi parecido.

1 Pinta en cada columna a palabra sinónima da primeira.

enorme	preocupado	listo	divertido	comprar
pequeno	quieto	intelixente	aburrido	vender
inmenso	intranquilo	ignorante	entretido	despachar
diminuto	rápido	feliz	triste	mercar

bonito	medo	falar	veloz	paxaro
fermoso	valor	pensar	rápido	parrulo
apagado	tristura	calar	lento	ave
feo	temor	conversar	intenso	animal

2 Fíxate nas palabras destacadas do texto e copia xuntas as que sexan sinónimas.

Benqueridos pais e nais:

Os **profesores** de varias **disciplinas** do **colexio** Ribeira Nova **preparamos** toda unha serie de excursións e actividades fóra do **centro**. Cremos que estas saídas axudan os alumnos a afondar nas **materias** do curso e a ter experiencias diferentes das da clase. Por iso, pedimos toda a vosa colaboración para levar adiante o programa de actividades que organizamos na **escola**.

Atentamente,
Os **mestres** de Ribeira Nova

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____